

As madiñas dos elementos

C.P.I. Plurilingüe de Fonte Díaz

No noso centro desenvolvemos un Proxecto Documental Integrado titulado “Ano das mulleres” no que participaron todos os niveis educativos.

Isto coincide no tempo coa conmemoración do 150 aniversario da Táboa Periódica, feito que, desde o departamento de Física e Química, queremos salientar e compartir co alumnado.

Ano das mulleres
+
Aniversario da táboa periódica
=
táboa periódica de mulleres

O departamento de Física e Química, co seu alumnado de 2º, 3º e 4º de ESO xunto co departamento de Tecnoloxía e o alumnado de 4º comezaron o proceso.

Táboa de mulleres científicas, adicadas a todas as ramas da Ciencia (físicas, químicas, biólogas, matemáticas, antropólogas, astrónomas, médicas...), de todos os tempos e de todas as nacionalidades.

As madriñas, tal e como expresa o significado desta palabra, presentan e acompañan a quen recibe algunha honra ou grado, no noso caso os 118 elementos químicos.

As madriñas “dan nome” a estes elementos xa que o seu propio nome ou apelido coincide co símbolo químico de cada un.

Ao mesmo tempo, cada alumno e alumna tamén apadriña ou amadriña co seu nome e apelidos un símbolo, igual que as científicas, e elabora a información correspondente.

Símbolo: **Si**

Científica madriña: Alicia **Si**ntes

Alumna madriña: Lara **Si**nde

M
U
L
L
E
R
E
S

C
I
E
N
T
Í
F
I
C
A
S

Salientamos en **verde** as mulleres relacionadas coa propia táboa, ben por descubrir algún elemento (M. Sklodowska ou M. Perey), por formar parte dun equipo de investigación descubridor (Shaughnessy), sen esquecer ás que viron recoñecido o seu traballo cun símbolo (Meitner e Curie).

Identificadas pola cor **laranja** as gañadoras dun Premio Nobel nalgunha disciplina científica (Física, Química, Fisioloxía ou Medicina, Economía ou o premio Abel, o Nobel das Matemáticas, que neste ano foi concedido por primeira vez a unha muller)

En **azul**, científicas galegas, moitas delas posuidoras do Premio M^a Josefa Wonenburger Planells, para darlles visibilidade e concienciar as nosas alumnas e alumnos de que os éxitos tamén están preto de nós.

Montaxe

55 alumnos/as, 118 elementos e 118 madriñas; en realidade algunha máis xa que hai símbolos que asocian a varias mulleres ao mesmo tempo. Así temos as irmás Fernández de la Vega, asociadas ao Ferro; ou as chamadas “top secret roses”, mulleres Eniac representadas por Ruth Teitelbaum asociada ao Terbio; as “computadoras de Harvard”, representadas por Williamina Fleming que amadriña o Flerovio; ou as “Figuras Ocultas” representadas por Katherine Coleman no Cobalto.

Tb
Terbio

Ruth Teitelbaum

Estados Unidos (1924-1986)

- Formou parte do proxecto ENIAC, unha das primeiras computadoras multipropósito, deseñada para calcular as traxectorias dos mísiles durante a II Guerra Mundial.
- Nela traballaron Ruth e outras 6 mulleres: Jean Jennings, Marlyn Mescoff, Betty Snyder, Kathlenn McNulty e Frances Bilas.
- Pasaron á historia co nome de “Top Secret Roses”: debido ao carácter secreto dos cálculos, primeiro definían as instrucións e despois accedían á sala onde estaba o ENIAC para programalo e realizar os cálculos.

Fe
Ferro

Jimena e Elisa Fernández de la Vega

Médicas





O proceso foi arduo pero gratificante, o alumnado traballou arreo, sacrificando incluso algún dos seus tempos de lecer.



E a nosa táboa de madriñas
foise enchendo e cubrindo
de cores

violeta...

laranxa...

azul...

verde



